



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2023/C003/000003

Ref.: MGM

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA, DA OBRA FINANCIADA CON CARGO A FONDOS PROPIOS E AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL” POS + ADICIONAL 2/2022”, “PISTA MULTIDEPORTE NO POBOADO DA MAGDALENA E MELLORA DA CONTORNA”

ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021 (BOP núm. 228 do 30/11/2021), aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022”. O día 10/02/2022 o Pleno do concello acordou participar no citado Plan provincial e aprobou os diversos proxectos técnicos das obras engadidas nel.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 25/11/2022, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + Adicional 2/2022 por maior achega provincial. A circular da Deputación provincial da Coruña respecto da aprobación definitiva da 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+Adicional 2/2022, por maior achega provincial, recibíuse no concello en data 29/12/2022 (RE núm. 202200000005465).

A providencia de inicio do expediente ditouse o día 26/04/2023.

A acta de trazado de planta é de data 31/05/2023.

O prego de cláusulas administrativas ten data novembro de 2023. O prego asinouuse o día 27/11/2023. A CPV principal do contrato é 45212200-8 Traballos de construción de instalacións deportivas.

O informe favorable da Secretaría Municipal ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente é de data do 04/12/2023.

O informe de fiscalización da Interventora Municipal número 318/2024 do día 05/08/2024 é favorable.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); os artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e a D.Ad.IIª, número 1, da LCSP, que recolle o réxime de competencias na contratación local.

O punto 6ª do Decreto 1528/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, establece que “ A Alcaldía poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público e 116 do ROF”.

O artigo 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público, refírese á avocación de competencias delegadas por circunstancias de índole técnica.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2023/C003/000003

Ref.: MGM

En virtude do decreto 1524/2024, do 31 de xullo, de substitución nas funcións da Alcaldía e Tenencias de alcaldía por mor das vacacións do alcalde do concello, do primeiro tenente de alcalde e das concelleiras designadas nas Tenencias de Alcaldía, a concelleira Ana María Pena Purriños desenvolve, entre os días 19/08/2024 e 25/08/2024, as funcións da Alcaldía e Tenencias de Alcaldía.

Por iso, RESOLVO,

- 1º) Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para aprobar este expediente, á vista da ausencia por vacacións dos/as tenentes de alcalde e da necesidade da continuación coa tramitación ordinaria do expediente.
- 2º) Aprobar o expediente de licitación da obra “Pista multideporte no Poboado da Magdalena e mellora da contorna” financiada con cargo a fondos propios e ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos), por maior achega provincial ”POS+ Adicional 2/2022”
A obra licitarase a través do procedemento aberto, tramitación ordinaria e simplificada.
- 3º) Autorizar crédito por importe de 181.427,40€ con cargo á aplicación orzamentaria 342.63204.2023.2.10002.3
- 4º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.

As Pontes de García Rodríguez, 23 de agosto do 2024

A Alcaldesa en funcións (Decreto 1524/2024, do 31 de xullo; BOP do 05/08/2024)

Ana María Pena Purriños